



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA OITO DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE.

PRESIDENTE

D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS

Don Manuel Pérez Riola
Don Nicolás Vergara Quintiana
Dona M^a José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez
Don José Camilo Casal García
Don José Antonio Muiño Vilela
Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona M^a Luisa Pérez Prieto
Don Esteban Blanco Garrote

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas do día oito de xullo de dous mil quince, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

O Sr. Alcalde di: Boas tardes a todos, benvidos a esta sesión, a nova corporación, gustaríame, no día de hoxe, nesta primeira convocatoria, nesta primeira orde do día, queremos contar tamén coa participación de todos os veciños, non sei se hoxe a nivel xeral alguén ten algunha cousa que dicir cando remate o pleno, vamos facer que cando remate o pleno se alguén ten algunha suxerencia, sempre que sexan a nivel xeral e que non sexan a nivel particular, atenderémolas todas.

A continuación se procede ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO 13 DE XUÑO DE 2015



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión constitutiva realizada o 13.06.2015.

Ao non producirse ningunha observación, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as presentes.

2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO PSdeG-PSOE, BNG, ANOVA E P.P.

Pola Secretaria dáse lectura ó escrito presentado en data 17.06.2015 polos concelleiros do PSdeG-PSOE D.Pablo Diego Moreda Gil, D. Manuel Pérez Riola e D. Nicolás Vergara Quintiana, que dí:

"D. Pablo Diego Moreda Gil, D. Manuel Pérez Riola e D. Nicolás Vergara Quintiana, en virtude da súa condición de membros da Corporación municipal, cargos aos que accederon formando parte da lista electoral presentada polo PsdeG-PSOE, para as pasadas eleccións municipais celebradas o día 24 de maio de 2015,

EXPOÑEN

1º.- Que na condición antedita manifestan a súa vontade de constituir o Grupo Político municipal do PSdeG-PSOE e a súa integración no mesmo, libremente expresada, para os efectos da súa actuación corporativa nos termos previstos polos artigos 74.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23.1 do RD 2568/1986, de 28 novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

2º.- Que designan Voceiro do Grupo municipal a D. Manuel Pérez Riola e Voceiro suplente a D. Nicolás Vergara Quintiana, de acordo cos artigos 7 5.2 LALGA e 24.2 ROF.

Por todo o exposto, SOLICITAN:

Que por parte da Alcaldía se dé coñecemento do presente escrito ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, téndose por formalmente constituído o Grupo municipal do PSdeG-PSOE, tal e como se determina nos artigos 75.3 LALGA e 25 ROF."

Pola Secretaria dáse lectura ó escrito presentado en data 15.06.2015 polas concelleiras do BNG D^a María Xosé Rodríguez Pérez e D^a Manuela López Rodríguez, que dí:

"María Xosé Rodríguez Pérez e Manuela López Rodríguez, en calidade de concelleiras electas do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, ao abeiro do artigo 75 da Lei de Administración Local de Galiza, comparecen e DIN:

Que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, así como a súa integración nese grupo municipal.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Así mesmo fan constar que designan como portavoz a María Xosé Rodríguez Pérez, e como portavoz suplente a Manuela López Rodríguez"

Pola Secretaria dáse lectura ó escrito presentado en data 18.06.2015 polos concelleiros de ANOVA, D José Camilo Casal García e D. José Antonio Muiño Vilela, que dí:

"JOSÉ CAMILO CASAL GARCÍA e JOSÉ ANTONIO MUIÑO VILELA, en calidade de concelleiros electos do ANOVA-IRMANDADE NACIONALISTA, ao abeiro do artigo 75 da Lei de Administración Local de Galicia, comparecen e din:

Que comunican a constitución do GRUPO MUNICIPAL DE ANOVA, así como a súa integración nese grupo municipal.

Así mesmo fan constar que designan como portavoz a JOSÉ CAMILO CASAL GARCÍA, e como portavoz suplente a .JOSÉ ANTONIO MUIÑO VILELA."

Pola Secretaria dáse lectura ó escrito presentado en data 19.06.2015 polos concelleiros do PP D. Luis Rubido Ramonde, D. Alfredo Vilela Santalla, D. Pablo Luis Nebril López, D^a. Esther Couto Lamigueiro, D^a. María Luisa Pérez Prieto e Don Esteban Blanco Garrote, que dí:

"D. Luis Rubido Ramonde, D. Alfredo Vilela Santalla, D. Pablo Luis Nebril López, D^a. Esther Couto Lamigueiro, María Luisa Pérez Prieto y Don Esteban Blanco Garrote, en virtud de su condición de miembros de la Corporación Municipal, cargo al que accedieron formando parte de la lista electoral presentada por el Partido Popular (P.P.) para las pasadas elecciones municipales celebradas el día 24 de mayo de 2015,

EXPONEN:

1º.-Que en la condición antedicha manifiestan su voluntad de constituir el Grupo Político Municipal del Partido Popular y su integración en el mismo, libremente expresada, a los efectos de su actuación corporativa en los términos previstos por los artículos 74.1 de la Ley 5/1997, de 22 de julio de Administración Local de Galicia (LALGA) y 23.1 del RD 2568/1986, de 28 de noviembre por el que se aprueba la Legislación de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF).

2º.-Que designan Portavoz del Grupo Municipal a D. Luís Rubido Ramonde y Portavoz suplente a D. Alfredo Vilela Santalla , de acuerdo con los artículos 75.2 LALGA y 24.2 ROF. Por todo el expuesto, SOLICITA

Que por parte de la Alcaldía-Presidencia se dé conocimiento del presente escrito al Pleno de la Corporación en la primera sesión que se celebre teniéndose por formalmente constituido el Grupo Municipal del Partido Popular tal y como se determina en los artículos 75.3 LALGA y 25 ROF."

A Corporación queda enterada.

3.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaria dáse lectura á Resolución de Alcaldía nº 315/2015, de data 01.07.2015, do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA"

Asunto: CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Incoar expediente para a constitución da Xunta de Goberno Local deste Concello.

SEGUNDO.- Designar membros da Xunta de Goberno Local aos Sres./Sras.:

D^a. María José Rodríguez Pérez
D. José Camilo Casal García
D. Manuel Pérez Riola

TERCEIRO. - A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

A) A asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

B) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega, e que a continuación se expresan:

- 1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra que corresponden ao desenvolvemento normal do Orzamento, dentro dos límites que competen ao Alcalde e os expresamente previstos nas bases de execución do Orzamento.
- 2) Concesión de licenzas urbanísticas.
- 3) Concesión de licenzas de actividade e de apertura.
- 4) Aprobación de padróns fiscais e liquidacións de impostos, taxas e prezos públicos.
- 5) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado e a concertación de operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercizo anterior.
- 6) Contratacións de obras, subministros, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, cando o seu importe non supere o 10 por cento



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

7) As adxudicacións de concesións sobre bens e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere o porcentaxe nin a contía indicados.

8) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión e estean previstos no Orzamento.

9) A solicitude de subvencións para obras, actividades ou servizos municipais, que competencialmente non estean atribuídas ao Pleno da Corporación.

10) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo Concello, e a aprobación de convenios de colaboración.

11) A concesión, transmisión ou modificación de licenzas de auto turismo.

12) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos de ingresos públicos.

13) A resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

C) As atribucións que lle atribúan as Leis.

CUARTO.- Fixar como periodicidade para as sesións ordinarias os luns cada quince días, ás 12:00 horas.

Realizará a súa primeira sesión o luns 06 de xullo de 2015 ás 12:00 horas.

QUINTO.- A Alcaldía poderá revocar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

SEXTO.- A Alcaldía poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

SÉTIMO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais."

A Corporación queda enterada.

4.- DAR CONTA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Pola Secretaria dáse lectura á Resolución de Alcaldía nº 316/2015, de data 01.07.2015, do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Asunto :NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade co disposto no artigo 21.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO. - Nomear Tenentes de Alcalde aos Concelleiros seguintes:

1º Tenente de Alcalde: D^a. María José Rodríguez Pérez

2º Tenente de Alcalde: D. José Camilo Casal García

3º Tenente de Alcalde: D. Manuel Pérez Riola

Ós Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO. - Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas por quen corresponda sen expresa delegación.

TERCEIRO.- Non obstante o anterior, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, no seu defecto, polos seguintes na orde establecida, debendo dar conta desa circunstancia o resto da Corporación e, en particular, ós voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

CUARTO.- Notificar esta Resolución ós Tenentes de Alcalde, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde Accidental non podendo, no citado exercicio, modifica-las delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais persoalmente aos designados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación."

A Corporación queda enterada.

5.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE CONCELLEIROS DELEGADOS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaria dáse lectura á Resolución de Alcaldía nº 319/2015, de data 02.07.2015, do seguinte teor literal:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA"

Asunto: NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS

D. Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Efectuar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local que se citan as seguintes delegacións xenéricas, referidas ás áreas que se determinan, e nas materias que no seu caso se detallan, ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do ROF, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-Dona María José Rodríguez Pérez: Concelleira-Delegada de **Cultura e Turismo** e Concelleira-Delegada de **Urbanismo**.

-Don José Camilo Casal García: Concelleiro-Delegado de **Medio Ambiente, Praias, Xardíns e Cemiterios** e Concelleiro-Delegado de **Servizos Sociais**.

-Don Manuel Pérez Riola, Concelleiro-Delegado de **Medio Rural e Participación Cidadá** e Concelleiro-Delegado de **Persoal e Facenda**.

SEGUNDO.- Efectuar a favor dos concelleiros que se citan as seguintes delegacións especiais, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

-Don Nicolás Vergara Quintiana, Concelleiro-Delegado de **Deportes**.

-Dona Manuela López Rodríguez, Concelleira-Delegada de **Xuventude, Ensino e Igualdade**.

- Don José Antonio Muiño Vilela, Concelleiro-Delegado de **Servizos, Mantemento e Obras** e Concelleiro-Delegado de **Seguridade Cidadá**.

SEGUNDO.- Mantense expresamente dentro das atribucións da Alcaldía-Presidencia a formalización dos contratos que o Concello firme con particulares, calquera que fose a materia sobre a que versen, tendo a condición de órgano de contratación cando non se houbese delegado expresamente na Xunta de Goberno Local ou nun Concelleiro-Delegado.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Quedan expresamente incluídos dentro da Área de Presidencia a Concellería de **Sanidade** e Concellería do **Mar**, e calquera outro servizo ou atribución non expresamente delegada.

TERCEIRO.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais."

A Corporación queda enterada.

6.- PROPOSTA DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

Pola Secretaria dáse lectura á Proposición da Alcaldía de 30.06.2015 do seguinte teor literal:

"Aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 38.a) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que o Concello Pleno realice as sesións ordinarias, de conformidade co disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, 78.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e 210.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, con carácter bimensual, os últimos mércores de cada mes impar, ás 20:00 horas. En caso de tratarse de día festivo ou inhábil, realizarase a semana seguinte.

Segundo: Sinalar como data para a primeira sesión ordinaria o mércores día 29 de xullo de 2015 ás 20:00 horas, realizándose a seguinte coa periodicidade sinalada."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis votos en contra do PP, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

7.- PROPOSTA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

Pola Secretaria dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 30.06.2015, do seguinte teor literal:

"O artigo 20.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ó Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar en devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes ós mesmos.

O artigo 59.2.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispón que a Comisión Especial de Contas deberá existir en tódolos concellos da Comunidade Autónoma. Por outra parte o artigo 68 da mesma Lei establece que se constituirán Comisións de estudo, informe e consulta en tódolos concellos de máis de 5.000 habitantes, correspondendo a estas comisións o estudo e dictamen previo dos asuntos que deban someterse ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local cando ésta actúe por delegación de áquel, sendo competencia do Pleno determinar o número e a denominación das Comisións de estudo, informe e consulta e as súas modificacións.

Entendendo esta Alcaldía que para o estudo e ditame dos asuntos que deban someterse ó Pleno, e, no seu caso, á Xunta de Goberno Local, é suficiente coa existencia da Comisión de Plenos e da Comisión de Urbanismo, ademais da Comisión Especial de Contas,

En uso das facultades previstas nos artigos anteriormente citados, co fin de dar cumprimento ao disposto nos artigos 38 e 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, proponho ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Crear con carácter permanente as seguintes Comisións Informativas, que terán por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que serán sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegacións:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PLENOS.

Número de membros: 2 P.S.deG.-P.S.O.E., 1 B.N.G., 1 ANOVA, 3 P.P.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. Don Pablo Diego Moreda Gil.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO.

Número de membros: 2 P.S.deG.-P.S.O.E., 1 B.N.G., 1 ANOVA, 3 P.P.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. Don Pablo Diego Moreda Gil.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Número de membros: 2 P.S.deG.-P.S.O.E., 1 B.N.G., 1 ANOVA, 3 P.P.; Total: 7 membros.
Presidente: Sr. Don Pablo Diego Moreda Gil.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

De conformidade co establecido no artigo 125 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo político, realizarase mediante escrito dos Voceiros de referidos grupos dirixido a esta Alcaldía e do que se dará conta ao Pleno. Igualmente poderán designar un suplente por cada titular."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

8.- PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS

Pola Secretaria dáse lectura á Proposición asinada polos voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE, BNG e ANOVA, de data 30.06.2015, do seguinte teor literal:

"O artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu apartado 1, sinala que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación exclusiva, caso no que serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que corresponda (...). No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Visto o establecido nos artigos 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que regulan o réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais e do persoal ó servizo das Entidades Locais, e as limitacións no número de cargos públicos das Entidades Locais con adicación exclusiva, se propoñe ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a adicación exclusiva a tempo completo aos membros da corporación que ocuparán os seguintes cargos:

- Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil, importe anual bruto en euros 43.400,00 €.

- Concelleiro Delegado de Deportes, D. Nicolás Vergara Quintiana, importe anual bruto en euros 23.100,00€.

Segundo.- Os devanditos importes abonaranse en catorce mensualidades, solicitando a alta ante a Tesourería Territorial da Seguridade Social ou na Mutualidade de Funcionarios correspondente e asumindo o gasto con cargo ao vixente orzamento municipal.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstencións do PP, acorda: APROBAR a Proposición asinada polos voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE, BNG e ANOVA nos termos nos que quedou transcrita.

A continuación o Sr. Alcalde manifesta: Quería facer unha puntualización sobre isto, digamos que o grupo de goberno cree oportuno que temos que ter dúas persoas que esteñan traballando no concello en xornada completa, con adicación exclusiva, neste caso, aparte do Alcalde, creemos que Nicolás Vergara Quintiana é unha persoa que ten que estar, é unha persoa que necesito o meu lado, non digo as vinte e catro horas do día, pero o traballo do concello a verdade é que moitas veces nos supera. Lles dou as grazas os meus compañeiros de goberno porque grazas a eles, me permiten poder ter só a dous persoas, a verdade é que é moi complicado facer o traballo todo, estando aínda así, como estamos, dende as oito da mañá, como quen dí, ata as oito da mañá do día seguinte. E quería aclarar que os 43.000 €, que son brutos, serían, no meu caso, serían 14 pagas de 2.400€, e no caso de Nicolás, serían 14 pagas de 1.285,71€. Non quería entrar en valoracións, coa anterior corporación nin con anteriores corporacións, pero creemos que desta forma imos ter un aforro bastante grande, comparado cos dos últimos anos, co cal tamén nos vale para ter un diñeiro que podemos destinar a cousas que agora mesmo teñen prioridade e a partidas que son necesarias.

Sr. Rubido Ramonde: Eu pediríalle un favor, nun futuro faga as alegacións antes de votar. Grazas.

Sra. Rodríguez Pérez: Non son alegacións, é unha explicación que quixodar.

Sr. Rubido Ramonde: Chámalle alegacións, chámalle outra cousa... é unha motivación que se debe facer antes de votar.

Sra. Rodríguez Pérez: Pero non é unha motivación, insisto, é unha explicación, sobre todo de cara ó público, é unha explicación do que acabamos de votar.

Sr. Rubido Ramonde: Podería ser fundamental o que dixeo, e o mellor poderíamos cambiar o voto. Entendo que se debe facer antes de votar. Pediríalle por favor, entendo que é máis democrático facelo antes de votar.

Sra. Rodríguez Pérez: Poderíase ter feito antes de votar, pero neste caso eu creo que non é unha alegación nin nada polo estilo.

Sr. Rubido Ramonde: Nosotros rogamos para que no futuro se faga antes de votar.

Sr. Alcalde: Que conste en acta o rogo do Sr. Luis Rubido.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Sr. Vilela Santalla: Outra cousa, non sei se se equivocou antes, ¿canto salía ó mes? ¿canto salía a adicación do Alcalde?

Sr. Alcalde: 2.400 € netos en 14 pagas.

Sr. Vilela Santalla: ¿2.400 €?

Sr. Alcalde: Si

Sr. Rubido Ramonde: ¿Con que retención? Xa postos así...

Sr. Alcalde: Digoche os importes netos.

Sr. Rubido Ramonde: A retención de IRPF é moi importante.

Sr. Alcalde: Eu se queres lle damos os datos brutos, eu non sei... e o calculades.

Sra. Rodríguez Pérez: A ver, dixo o bruto e o neto, bueno.

9.- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Pola Secretaria dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 30.06.2015, do seguinte teor literal:

"De conformidade coa D.A. 2ª.10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario desta, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos desta, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

O artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, regula a composición das mesas de contratación:

1. Os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos nos procedementos de adxudicación aberto, restrinxido e negociados con publicidade por unha mesa de contratación que será competente para a valoración das ofertas.

2. As mesas de contratación estarán compostas por un Presidente, un Secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor ou, a falta de calquera destes, quen teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-presupostario do órgano.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3. O Secretario deberá ser un funcionario que preste os seus servizos no órgano de contratación. Cando non sexa posible designar un funcionario, farase a designación entre os doutro tipo de persoal que dependan do órgano de contratación.

4. A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no Boletín Oficial do Estado, no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo se trate da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.

5. Ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

6. Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario que só terá voz.

7. Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o Presidente, o Secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-presupostario do órgano.

Polo exposto proponho ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Constituir unha Mesa Permanente de Contratación para todos os procedementos de contratación do Concello de Cedeira nos que sexa legalmente esixible, ou así o prevexa o prego de cláusulas administrativas particulares, coa seguinte composición:

PRESIDENTE: O Alcalde

Suplente: D. Manuel Pérez Riola

VOGAIS:

-D^a. María José Rodríguez Pérez

Suplente: D^a. Manuela López Rodríguez

-D. José Camilo Casal García

Suplente: Don José Antonio Muiño Vilela

-A Secretaria da Corporación

Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental

-O Interventor Municipal

Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental

-O Arquitecto Municipal

Suplente: O Arquitecto Técnico Municipal

SECRETARIA: D^a. María Montserrat Pérez Garrote, funcionaria encargada dos expedientes de contratación.

Suplente: D.Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Segundo.- Publicar anuncio referindo este acordo e a composición da Mesa Permanente de Contratación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar este acordo aos membros da Mesa Permanente de Contratación."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstencións do PP, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

10.- PROPOSTA DE ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS

Pola Secretaria dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 30.06.2015 do seguinte teor literal:

"O artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece que o Pleno da Corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral nas Lei de Presupostos Xerais do Estado e sen que poidan destiñarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica de referida dotación que pondrán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 13 de xuño de 2015, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Establecer a seguinte asignación aos grupos políticos, nos termos do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

80,00€. Grupo/mes.

30,00€. Concelleiro/mes."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis votos en contra do PP, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

11.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 30.06.2015, do seguinte teor literal:

"O artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que o Pleno debe nomear os representantes da Corporación nos órganos colexiados da súa competencia.

Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 13 de xuño de 2015, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Nomear como representantes municipais no Consello Escolar do CEIP “Nicolás del Río” a:

- D. Robustiano Labraña Barrero, con DNI 32610305-P.

Suplente: A Concelleira Delegada de Xuventude, Ensino e Igualdade, D.^a Manuela López Rodríguez.

Segundo. – Nomear como representantes municipais no Consello Escolar do IES “Punta Candieira” a:

- D. Robustiano Labraña Barrero, con DNI 32610305-P.

Suplente: A Concelleira Delegada de Xuventude, Ensino e Igualdade, D.^a Manuela López Rodríguez.

Terceiro.- Nomear como representantes municipais nos órganos de xestión da Escola Infantil de Cedeira a:

- D. Robustiano Labraña Barrero, con DNI 32610305-P.

Suplente: A Concelleira Delegada de Xuventude, Ensino e Igualdade, D.^a Manuela López Rodríguez.

Cuarto.- Nomear como representantes municipais na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol ao Sr. Alcalde-Presidente, D. Pablo Diego Moreda Gil, e como suplente ao Segundo Tenente de Alcalde, D. José Camilo Casal García."

Aberto o debate non se producen intervencións.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

12.- PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura á Proposición da Alcaldía de data 30.06.2015 do seguinte teor literal:

"O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local nos seus apartados 3 a 5 determina que os membros das Corporacións Locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, según as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobo o Pleno corporativo. As Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. Sólo os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin adicación parcial percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na cuantía sinalada polo pleno da mesma.

O artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desenvolve o precepto anterior, regulando o réxime de retribucións e indemnizacións que teñen dereito a percibir, con cargo ó orzamento da respectiva Entidade Local, os membros da Corporación.

Á vista da constitución da nova Corporación o pasado día 13 de xuño de 2015, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. - Nos termos do artigo 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establecer as seguintes indemnizacións por asistencia a órganos colexiados da Corporación aos membros que non teñan adicación exclusiva ou parcial:

- a) Por asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 60,00 €
- b) Por asistencias a sesións plenarias, de Comisións Informativas e de Mesas de Contratación, 60,00 €.

As asistencias aboaranse polo procedemento establecido na Base 29.c.3 das Bases de Execución do Orzamento Municipal de Cedeira para o ano 2015.

Segundo.- Modificar as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2015 no que se refire as cantidades fixadas por asistencias e indemnizacións na Base 29.c.3.

Terceiro.- O presente acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación."

Aberto o debate, prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. Alcalde: Bueno, aquí tamén quería explicar que tamén baixamos as Xuntas de Goberno, que antes facíanse unha á semana, cada un dos membros cobraba 186€, os que non tiñan ningún tipo de dedicación, e baixámola a 60€, co cal tamén creemos que hai unha moi boa redución, aparte que antes se facían catro ó mes, unha cada semana, e agora fárase cada quince días.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous), e seis abstencións do PP, acorda: APROBAR a Proposición da Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

Sr. Alcalde: Damos por concluído o Pleno, a xente que queira facer algunha pregunta ou dúbida, estaremos aquí para respondela.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás oito horas e trinta e cinco minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.